


Videoconferencia con Webex a través de teléfono móvil:

1.-Escribir nun navegador ou no buscador de google o enderezo da sala de reunións. Por exemplo:

<https://eduxunta.webex.com/meet/daniel.pereiro>


É a sala de reunións de Daniel Pereiro.

Calquera outra sala de profesorado, terá o mesmo enderezo salvo a parte final do usuario, que será o mesmo que o do correo electrónico corporativo. Cada profesor que queira facer unha videoconferencia mandará instrucións co seu enderezo exacto



2.- De xeito automático reconece a sala de reunións á que podedes acceder mediante chamada de teléfono que supoño que hai que pagar ou mediante aplicación (recomendado).


Se é a primeira vez que usades Webex, debedes descargar a aplicación Cisco Webex Meetings que aparece arriba.



3.- Picando no botón de descargar que aparece na imaxe anterior, xa vos leva á Google Play e instalades a aplicación.

NOTA: para sistemas IOS o proceso debe ser similar.


Trátase de acceder ao repositorio de aplicacións correspondente e descargar e instalar a mesma app.




4.-Abrir a aplicación




5.-O seguinte paso é introducir o noso nome, que será o que se ve para todos na sala de reunións. Tamén debemos poñer un enderezo de correo electrónico e picar en ok




6.-Temos que dar os permisos á aplicacións Foto e vídeo: permitir





7.- Audio: permitir



8.-Chamadas telefónicas: o que queirades, en principio: denegar



9.- Xa estades na sala de reunións. Nela aparécenvos tres botóns: • Join: Hai que premer nel para unirse á reunión • botón de micro: aparece en vermello. Hai que premer nel para emitir son e que vos escoiten • botón de vídeo: hai que premer nel para emitir vídeo e que vos vexan. 	10.- Ao premer no Join xa accededes á sala de reunións e se o organizador está emitindo xa o podedes ver. En calquera momento podedes premer nos botóns de audio e vídeo para activalos ou desactivalos. Para saír da reunión picar no botón da X No botón que ten tres puntos, tedes máis opcións: compartir a vosa pantalla, chat, etc. Experimentade 
---	---

NOTA: Este proceso só é necesario realizalo a primeira vez. En diante, unha vez que escribades o enderezo da sala de reunións xa vos vai suxerir que o abrades coa aplicación descargada.

Recomendacións:

1. Mellor traballar con cascos e micrófono porque se escoita mellor. Os que trae o móbil están ben.
2. Evitar os ruídos externos, porque se transmiten con facilidade e son moi molestos para os que escoitan.
3. Usar o chat para preguntas concretas, pq hai veces que é difícil que nos entendamos se falamos varios á vez.